



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroen

## A TODOLOS TRABALLADORE S/A S

Vigo, 26 de Agosto de 2009

O martes día 24, foi sancionado pola Dirección o compañeiro Amadeo, traballador de Montaxe do Módulo 9, (quenda "B") con DEZ días de suspensión de emprego e soldo.

Esta arbitraria decisión foi tomada porque o compañeiro non prolongou a súa xornada laboral entre 10 e 40 minutos o último día de traballo anterior ás vacacións.

A Dirección di utilizar un Decreto que lle permite obrigar ós traballadores/as alongar a xornada laboral nestas circunstancias de vaciado de instalacións, algo sen precedentes nos cincuenta anos da historia desta fábrica.

Sobre esta posible facultade, a C.I.G. ó igual que outros representantes sindicais, damos fe, de que en ningún momento se informou na reunión celebrada co Comité de Empresa, de que nesta ocasión o vaciado faríase con carácter obrigatorio.

Pero, máis alá da formalidade, a sanción vóltase incomprensible a tenor dos feitos:

Día 23/07 .- Con apenas 24 h. avisáselle para prolongar a xornada. Amadeo alega non poder quedar. Comentada a situación co Taller, este non ten dificultade para que despois das 22 h. se cubra o posto do compañeiro.

Día 24, apesares de non ter problema o taller, o Xefe dos Responsables de Persoal de Montaxe, comunícalle que ten que quedarse obrigatoriamente, "o *atente a las consecuencias...*":

O compañeiro remata esa xornada, levando nunha man a carta que a Dirección nos repartiu nas UEPs desexándonos "unhas felices vacacións", e na súa mente a ameaza de sanción. Así pasou Amadeo estas vacacións do 2009.

Nos Centros de Traballo, ten que existir o respecto mutuo incluso nas formalidades. Neste caso é evidente que o Servizo de Persoal, preferiu votar man do mazo con este traballador, confundindo, no noso entender, o principio de autoridade co autoritarismo.

A C.I.G. considera que a Solidariedade, ese valor que nos identifica á clase traballadora, débese activar, en consecuencia, no nome dos sindicatos participantes, pedíuselles ós compañeiros/as de Montaxe da súa quenda, que deica o xoves día 3 de Setembro nos concentremos durante o noso tempo de bocadillo no entorno dos Responsables de Persoal tanto na M.2 coma da M. 1.

Amadeo somos todos/as.

# Confederación Intersindical Galega

[www.cigcitroen.com](http://www.cigcitroen.com)